

*A instauración da Segunda República supón o inicio dunha serie de reformas en diversos ámbitos, como os que aparecen reflectidos nos documentos 1, 2 e 3. Á luz dos textos, debes comentar cada unha das cuestións que se citan neles, sen esquecer tratar no seu conxunto a política de reformas atendendo á súa caracterización xeral, ás forzas sociais e políticas que a promoveron e a aquelas que se opuxeron (Doc.4), e aludindo ás derivacións ou desenlace da confrontación en torno a tales medidas.*

**Doc. 1.-No seguinte discurso (13 de outubro de 1931), Manuel Azaña refírese aos principais problemas que debe afrontar a República, prestando especial atención á cuestión relixiosa:**

“A revolución política, é dicir, a expulsión da dinastía e a restauración das liberdades públicas, resolveu un problema específico de importancia capital, ¡quen o dubida!, pero non fixo máis que suscitar e enunciar aqueles outros problemas que han transformar o Estado e a sociedade españois ata a raíz. Estes problemas, ao meu curto entender, son principalmente tres: o problema das autonomías locais, o problema social na súa forma máis urxente e aguda, que é a reforma da propiedade, e este que chaman problema relixioso, e que é en rigor a implantación do laicismo do Estado con todas as súas inevitables e rigorosas consecuencias. Ningún destes problemas os inventou a República (...). Refírome a iso que chaman problema relixioso. A premisa deste problema, hoxe político, fórmuloa eu desta maneira: España deixou de ser católica”.

**Doc. 2.-Lei de Bases da Reforma Agraria (1932):**

“Base 5ª. Serán susceptibles de expropiación as terras incluídas nos seguintes apartados:

1º. As ofrecidas voluntariamente polos seus donos (...).

4º. As fincas rústicas de Corporacións, fundacións e establecementos públicos que as exploten en réxime de arrendamento, parceria ou calquera outra forma que non sexa explotación directa (...).

5º. As que polas circunstancias da súa adquisición, por non seren explotadas directamente polos adquirentes (...), deba presumirse que foron compradas con fins de especulación ou co único obxecto de percibir a súa renda.

6º. As que constituíron señoríos xurisdiccionais (...).

7º. As incultas ou manifestamente mal cultivadas (...).”

**Doc. 3.-O 21 de setembro de 1932, a Gaceta de Madrid publicou o Estatuto de Autonomía de Cataluña:**

Art. 1º. Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español, de acordo coa Constitución da República e o presente Estatuto. O seu organismo representativo é a Generalitat (...).

Art. 2º. O idioma catalán é, como o castelán, lingua oficial en Cataluña (...). Dentro do territorio catalán, os cidadáns, calquera que sexa a súa lingua materna, terán dereito a elixir o idioma oficial que prefiran nas súas relacións cos tribunais, autoridades e funcionarios de todas clases, tanto da Generalitat como da República (...).

Art. 11º. Corresponde á Generalitat a lexislación exclusiva en materia civil, agás o disposto no artigo 15, número 1, da Constitución, e a administrativa que lle estea plenamente atribuída por este Estatuto”.

**Doc. 4.-Manifesto electoral da Candidatura antimarxista por Madrid (outubro de 1932):**

“Os candidatos da coalición antimarxista defenderán resoltamente a necesidade dunha inmediata derogación, pola vía que en cada caso proceda, dos preceptos, tanto constitucionais como legais, inspirados en designios laicos e socializantes (...); traballarán sen descanso para lograr a cancelación de todas as disposicións confiscadoras da propiedade e persecutorias das persoas, das Asociacións e das crenzas relixiosas (...). A impedir que a política anticatólica, antieconómica e antinacional, representada polo socialismo e os seus subalternos auxiliares, máis o menos descubertos ou subrepticios, prevaleza ou sequera inflúa predominantemente, como ata agora, na gobernación do Estado, irán vigorosa e enerxicamente encamiñados todos os nosos esforzos”

## CONSELLOS PARA REALIZAR A COMPOSICIÓN

A túa composición debe centrarse na explicación das reformas que se poñen en marcha coa instauración da Segunda República, centrándote fundamentalmente no realizado durante o Bienio Reformista. Presta máis atención as cuestións relacionadas nos textos, pero non deixes de comentar outras reformas importantes desta etapa. Debes aclarar que forzas políticas e sociais apoian esas reformas e por que, cales se opoñen, que problemas se producen ... A confrontación entorno a estas cuestións marca o resto da historia da República e está no fondo das causas da Guerra Civil. Terás que referirte entón a estes feitos posteriores, por suposto de xeito máis breve. Non esquezas usar os documentos e citalos, indicar datas, etc. Non esquezas o resto das recomendacións (consulta o documento no blog) pata facer unha composición.

**Introducción:** Breve explicación da proclamación da República

**Constitución** da Segunda República. Debes comentar os características máis importantes da constitución destacando aqueles novidades que presenta respecto ás anteriores. Céntrate máis naqueles aspectos que teñen que ver cos problemas que se abordan nos textos: a cuestión da propiedade, a cuestión relixiosa e a posibilidade de formas autonomías. Non esquezas comentar o amplo recoñecemento de dereitos sociais. Podes xa destacar que grupos se opoñen dende un primeiro momento á constitución.

Algunhas das reformas que se van realizar no Bienio Reformista iníciáanse xa co goberno provisional. Podes indicar brevemente este feito, pero procura non repetir información. Indica que grupos gañan as elección e forma o goberno durante os anos 31-33. Indica o "programa" ou obxectivos políticos ese grupos

A **cuestión relixiosa**. (Cita documento 1) Explica ben as política relixiosa do bienio. Debes tamén comentar a educativa, que está bastante relacionada. Explica as reaccións que provoca na igrexa e outros sectores conservadores. Destaca a importancia da cuestión relixiosa na reorganización da dereita (cita documento 4) e na historia da República

**Reforma agraria**. Explica por que o latifundismo era un problema que requería unha urxente solución(cita documento 1). Explica os obxectivos da Reforma Agraria, as dificultades que tivo a súa aplicación (cita documento 2) e os conflitos que desatou. Explica por un lado a radical oposición dos propietarios e por outro a frustración e os conflitos que xenera a súa lenta e escasa aplicación. Podes citar casos concretos de enfrontamentos (Castilblanco, Arnedo, Casa Viejas). Destaca a importancia deste asunto para entender a derrota da esquerda no 33. Podes tamén adiantar que vai pasar coa Reforma Agraria nas etapas seguintes ou podes facelo ó final

**As autonomías.** Explica de onde ven o problema (ref ó nacionalismo catalán) e como se pretende solucionar. Comenta brevemente o caso de País Vasco e Galicia. Debes destacar como este asunto das autonomías xenera malestar en sectores do exército e que será un dos seus argumentos fundamentais dos que se posicións contra a República

Enlazando con isto podes comentar brevemente as reformas militares e as reaccións que provocan (cita documento 1)

Fai unha **recapitulación** explicando o conflito que provocan estas reformas. Debes destacar como para un sector son inaceptables por consideralas revolucionarias. Explica quen son e como se reorganizan entorno a CEDA (cita documento 4) e outros grupos da dereita. Para outro sector (CNT, UGT, xornaleiros... ) son insuficientemente demoradas na súa aplicación e resultados. Explica para quen e por que

Por último debes referirte a **etapas seguintes de xeito moi breve**. Destaca que durante o Bienio de dereitas hai un desmantelamento das reformas e como baixo o goberno da Fronte Popular retómanse as reformas. Comenta que nesta etapa as forzas obreiras presionan para unha aplicación máis rápida ou para avanzar cara a revolución (CNT) e como os sectores máis conservadores non están dispostos a aceptalas (as reformas e a democracia) e buscarán no golpe de estado o medio para impedilas.

**Conclusiones.** Sinala aqueles aspectos que provocaron máis conflito na etapa comentada e recapitula sobre posicións das diferentes forzas políticas e sociais en torno a estes conflitos